

NEGREIRA 2021

CONCURSO

DE ESCAPARATES E BALCÓNS DE NADAL



BASES LEGAIS DO

II CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES E BALCÓNS

1.- OBXECTIVO

O Concello de Negreira convoca o II Concurso de Decoración de Nadal de Negreira, co obxectivo de fomentar a colaboración cidadá na ornamentación e embelecemento da vila durante a tempada de nadal 2021-2022, facendo partícipes da imaxe de Negreira a comerciantes, hostalaría e veciñanza.

O concurso promoverá a creatividade e a difusión dunha boa imaxe da vila co ambiente artístico e tradicional de nadal ao gusto da veciñanza. Ademais, reforzaránse os lazos veciñais co Concello de Negreira e de unión co tecido económico.

Establécense uns premios para as persoas gañadoras do concurso para promover a participación e o interese de posibles concursantes e da veciñanza en xeral,

concedéndolle un destino axeitado aos recursos en función dos traballos realizados. A puntuación outorgarase seguindo os criterios establecidos nas presentes bases.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar no presente concurso a veciñanza de Negreira (vivendas, comunidades de propietarios de edificios) ou establecementos coa súa actividade en Negreira (hostalaría, comercios ou outros negocios).

A inscrición farase indicando a persoa representante ou do establecemento e o lugar co enderezo exacto onde se fará a decoración obxecto do concurso. Poderase presentar un único proxecto por enderezo.

As persoas participantes ceden os dereitos de imaxe da súa creación ao Concello de Negreira.

3.- CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

A decoración terá que estar relacionada coa temática do nadal, tendo as persoas participantes liberdade na creación e no estilo do proxecto, respectando sempre a contorna, a veciñanza e o espazo público no que se atopa.

A decoración obxecto de concurso deberá ser visible dende a vía pública e estar exposta dende o **11 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022**, ambos incluídos.

4.- CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Establécense dúas categorías diferenciadas para o concurso:

- a) PARTICULARS

Poderán participar dentro desta categoría vivendas unifamiliares, tanto casas como pisos, así como conxuntos formados por comunidades de veciños dun edificio. Para o concurso valorarase únicamente a decoración visible dende a vía pública (entradas, fiestras, balcóns, xardíns, árbores de nadal, etc.).

b) ESTABLECIMENTOS

Poderán participar dentro desta categoría tódolos establecementos comerciais e de hostalaría emprazados no termo municipal de Negreira. Valorarase en conxunto a decoración para o concurso, que poderá realizarse nas zonas accesibles ou visibles para o público en xeral: no interior, no exterior, nos accesos e fiestras e nos escaparates. A decoración deberá manterse sen modificar dende o inicio ata a fin do concurso, podendo cambiarse outros elementos como os produtos en venda expostos.

5.- INSCRICIÓNNS

As persoas interesadas en participar no concurso de decoración de nadal poderán inscribirse de xeito gratuíto. O prazo de inscrición estará aberto dende as 9:00 h do día seguinte ao da publicación das bases ata as 14:00 h do día 10 de decembro do 2021.

As inscricións formalizaranse preferiblemente enviando un correo-e a cultura.deportes@concellodenegreira.es indicando o nome, apelidos e DNI da persoa representante, teléfono, correo-e, e o enderezo da vivenda ou establecemento onde se levará a cabo a decoración obxecto do concurso, incluíndo tódolos datos precisos para a súa localización, así como o nome do establecemento na categoría de establecementos. Como alternativa, tamén se poderán realizar as inscricións de luns a venres non festivos de 9:00 h a 14:00 h na Casa da Cultura, ou no teléfono **981.885 886**

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

6.- CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

A montaxe e a desmontaxe serán responsabilidade das persoas concursantes, tanto para vivendas coma para establecementos.

A decoración deberá estar montada o día 11 de decembro.

Entenderase que aquelas persoas participantes que non manteñan a decoración durante todo o período sinalado nestas bases retiran a súa inscrición do concurso, perdendo os dereitos aos que tivesen acceso como participantes.

A decoración estará colocada dende o día 11 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ambos incluídos. A exposición será gratuíta e estará visible dende a vía pública (vivendas ou comunidades de veciños) ou lugares de acceso permitido e visibles (establecementos) para o goce da poboación.

No caso de que se producise algúun dano na decoración realizada ou no material empregado, a persoa responsábel de reparalo será a mesma persoa designada como encargada da montaxe e desmontaxe.

A desmontaxe e recollida da decoración realizarana as persoas concursantes a partir do 8 de xaneiro de 2022.

As persoas participantes deberán enviar antes do 17 de decembro de 2021 un mínimo de 3 fotografías nas que se poida apreciar e valorar a decoración realizada. As fotografías poderán enviarse por correo-e a cultura.deportes@concellodenegreira.es facendo constar a identificación da persoa representante e o enderezo. Poderanse empregar ferramentas como WeTransfer para facilitar o envío de imaxes.

As persoas participantes deberán responsabilizarse do cumprimento das normas de seguridade e medidas sanitarias.

O Concello queda exonerado de calquera responsabilidade derivada dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir con motivo da montaxe, exposición ou desmontaxe.

Se a situación sanitaria obriga ao peche de comercios e/ou hostalaría, poderase prorrogar ou modificar a data do concurso, e mesmo suspenderse no caso de prolongarse en exceso no tempo.

7.- XURADO

O xurado estará composto por un total de cinco persoas alleas ao Concello de Negreira e con coñecementos na materia.

O xurado valorará as decoracións participantes dentro do prazo de concurso, con obxectividade e seguindo os criterios establecidos.

8.- VALORACIÓN

Para a valoración, teranse en conta os seguintes **parámetros**:

1) CREATIVIDADE (máximo 10 puntos)

Valorarase segundo a capacidade de innovar o concepto tradicional do nadal, mostrando isto mediante a decoración, a innovación, o deseño e o emprego de diversos materiais (reciclados, reutilizables, ecolóxicos...).

2) ORIXINALIDADE (máximo 10 puntos)

Valorarase a orixinalidade con aspectos que lle aporten á decoración algo especial e diferenciado.

3) APRECIACIÓN DE ELEMENTOS LOCAIS (máximo 10 puntos)

Valorarase a través de colocación de imaxes e decoración nas que se representan elementos senlleiros de todo o Concello de Negreira.

Os membros do xurado puntuarán cada un destes aspectos cunha puntuación entre o 1 e o 10 (ambos inclusive). Os premiados serán os que acaden a maior puntuación total.

En caso de que exista empate, primará o que teña maior puntuación no apartado a) do criterio “creatividade”. Se continúa o empate, primará a puntuación do apartado b) do criterio “orixinalidade”. Se se mantén o empate, realizarase sorteo para desempatar.

O fallo declarado polo xurado será inapelable, comprometéndose as persoas concursantes a respectar a decisión do xurado.

9.- PREMIOS

Outorgaranse un máximo de tres premios en cada categoría, repartidos do seguinte xeito:

a) PARTICULARRES

PRIMEIRO PREMIO: Vale regalo de 100 € para gastar íntegramente en establecementos do Concello de Negreira

SEGUNDO PREMIO: Vale regalo de 60 € para gastar íntegramente en establecementos do Concello de Negreira

TERCEIRO PREMIO: Cesta de produtos

b) ESTABLECIMENTOS

PRIMEIRO PREMIO: 400 €

SEGUNDO PREMIO: 150 €

TERCEIRO PREMIO: Cesta de produtos

10.- ENTREGA DE PREMIOS

As persoas gañadoras serán anunciadas en directo, o **día 17 de decembro de 2020** na Casa da Cultura de Negreira, publicándose tamén na páxina de facebook da área de

turismo de Negreira: Descubre Negreira e en Radio Negreira. Co anuncio das persoas gañadoras farase a entrega de premios.

Así mesmo, tamén serán publicadas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición no concurso implica a aceptación total das bases legais establecidas neste por parte de todas as persoas concursantes.

Esta convocatoria rexerase polo establecido nestas bases. En relación ao que non estivese previsto nelas, aplicarase a lexislación vixente.

Calquera modificación das bases será publicada na páxina web do Concello concellocodenegreira.gal , con difusión nas redes sociais.

12.- POLÍTICA DE PRIVACIDADE E DE PROTECCIÓN DE DATOS

A organización comprométese a non ceder a terceiros os datos de carácter persoal aportados polos concursantes. O tratamento destes datos estará limitado exclusivamente ao uso nos temas referentes ao Concurso de Decoración de Nadal de Negreira.

As persoas participantes outórganlle ao concello os dereitos de imaxe da decoración obxecto do concurso. Poderán publicarse imaxes da decoración, así como o nome dos establecementos participantes.